



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 5 DE SETEMBRO DE 2013**

**LUGAR:** CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

**TIPO DE SESIÓN:** ORDINARIA      **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS  
Alcalde-Presidente  
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO  
Concelleiro  
DNA. AMALIA GOLDAR CORA  
Concelleira  
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA  
Concelleiro  
D. MARÍA ÁNGELES PAÍS CARBIA  
Concelleira  
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN  
Concelleiro  
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR  
Concelleiro  
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA  
Concelleira  
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS  
Concelleiro  
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE  
Concelleira  
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS  
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ  
Concelleiro  
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES  
Concelleira  
D. MANUEL OTERO ESPIÑO  
Concelleiro  
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO  
Concelleiro  
DNA. Mª MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE  
Concelleira  
DNA. ANA ASOREY BREA  
Concelleira  
D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA

Concelleiro  
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ  
Concelleiro  
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS  
Concelleira

GRUPO do BNG:  
D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS  
Concelleiro

SECRETARIA EN FUNCIONES  
DNA. M<sup>a</sup> JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día 5 de setembro de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúñese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a secretaria en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

### **ORDE DO DÍA** \*\*\*\*\*

#### **A) PARTE RESOLUTORIA**

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 1 DE AGOSTO DE 2013.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL 2012.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE N<sup>º</sup> 2/2013 DE RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA REVOCACIÓN DA LIQUIDACIÓN N<sup>º</sup> 77/08 DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS ESTRUCTURAS RADIOELÉCTRICAS DE TELECOMUNICACIÓN DO CONCELLO DA ESTRADA.

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DESLINDE ADMINISTRATIVO DE BEN COMUNICAL (CAMIÑO) RADICADO ENTRE AS FINCAS 647 E 649 DA Z.C.P. DE SAN XURXO DE VEA (SOUTO).

7º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DESLINDE ADMINISTRATIVO DE BEN COMUNAL (CAMIÑO -68,00 M2-) RADICADO NAS FINCAS 143, 144 E 166 DA Z.C.P. DE GUIMAREI (A COTA).

8º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DESLINDE ADMINISTRATIVO DE BEN COMUNAL (CAMIÑO) RADICADO Á ALTURA DA FINCA N<sup>º</sup> 244 DA Z.C.P. DE RIBELA.

9º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE DESAFECTACIÓN DE ANACO DE CAMIÑO PÚBLICO SITO NO LUGAR DE SIEIRO-CORA, SOLICITADO POR DNA. M<sup>a</sup> ELENA GARCÍA RODRÍGUEZ.

10º.- DETERMINACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS DO CONCELLO DA ESTRADA PARA O ANO 2014.

#### **B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

11º.-DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE XULLO DE 2013, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS.

\*\*\*\*\*

**A) PARTE RESOLUTORIA**

**1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 1 DE AGOSTO DE 2013.**

**Sr. Alcalde.-** Boa tarde a todos e a todas, benvidos á sesión ordinaria do pleno correspondente ó mes de setembro. A orde do día do pleno é a seguinte: na parte resolutoria o primeiro punto é a aprobación se procede da acta correspondente á sesión plenaria celebrada o 1 de agosto de 2013, non sei se hai algunha alegación á acta? Se non hai ningunha alegación aprobámola por unanimidade.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 1 de agosto de 2013.

Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

**2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL 2012.**

**Sr. Alcalde:** Segundo...segundo punto é a aprobación se procede da Conta Xeral 2012, para facer unha pequena presentación ten a palabra o Concelleiro de Facenda Alberto Blanco, Don Alberto Blanco Carracedo.

**Sr. Alberto Blanco do PP.-** Boas tardes, traemos a votación ao Pleno as contas anuales do exercicio 2012, despois de haber pasado dúas veces polas correspondentes Comisión de Facenda e tras o período de exposición pública. Como se sabe, os documentos que se presentan na Conta Xeral son o balance de situación, conta de resultado económico-patrimonial, liquidación do presuposto e a memoria que completa e aclara todos os estados anteriores. Máis ou menos, xa quedou todo...todo visto, no seu momento o documento principal que é a liquidación do Presuposto, donde se ve como se levou a cabo as previsións que foron contempladas no Presuposto, nos orzamentos de 2012, en donde se poden destacar así, a grosso modo, os valores positivos de liquidación do exercicio, remanente positivo, aforro neto e tesorería positivo; donde podemos destacar unha baixada importante nos gastos de persoal, cerca de 300.000 euros, unhas inversións bastante elevadas tendo en conta únicamente a modificación que existe por traslación ao ano do exercicio 2013 de parte das inversións relacionadas co novo mercado. Así mesmo, respecto ao ano 2011 hai un incremento das amortizacións, e unha evolución moi positiva en canto ás obligacións pendentes de pago que baixan de 1.372.000 no ejercicio 2011 a 129.000 no peche do 2012, notándose tamén unha melloría en canto á evolución dos dereitos pendientes de cobro.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, moitas gracias señor Blanco, algunha intervención?ten a palabra a señora Belén Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.-** Ben, efectivamente, con respecto á aprobación da conta, i así o dixemos no día que se debateu a mesma en comisión, pode verse como as previsións feitas polo grupo de goberno, as previsións feitas para a súa actividade ao longo de todo este ano, pois non se corresponden, nin con respecto aos ingresos, nin con respecto á inversión. Simplemente citar que nestos momentos tan difíciles é moi importante que o Concello xogue o seu papel de actor de inversións para poder apoiar a economía local, i as inversións reais diminúen, tanto é así, que a cifra, ridícula cifra de 48 euros por habitante, é a inversión que fixo o grupo de goberno durante o 2012 na Estrada. Por iso, dende logo, este grupo considera que é un orzamento que foi mal pensado, mal calculado, insisto, non se corresponden as previsións co que despois se conseguiu recaudar, i, dende logo, as inversións deixan moito que desechar. Moitas gracias.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, moitas gracias Señora Louzao, ten a palabra o señor Magariños.

**Sr. Magariños do BNG.-** Bueno, a Conta Xeral o que ven a indicar que.. o portavoz do Partido Popular en materia de facenda, o Conselleiro...Concelleiro de Facenda (non sei se chegará polo de ahora, ben apuntado...ben apuntado), pinta un panorama, un cadro primaveral, pero a realidade da Conta Xeeral é que é a primavera que tivemos este ano: gris, chuviosa e que non valía para salir á rúa. Esa é a realidade da Conta Xeral, non é un mundo de rosas, si non todo o contrario, é un mundo, preséntanos un mundo espiñento con falta de inversión, aumento da recadación da carga impositiva que están sufrindo os cidadáns, pero, desde logo, non se está reinvertindo esa carga impositiva no ben social, nas inversións que tanto necesitan neste momento os veciños e veciñas da Estrada.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, señor Margariños, ten a palabra o señor Blanco.

**Sr. Alberto Blanco do PP.-** Ben, teño que disentir sobre o que di o portavoz do Bloque Nacionalista Galego. Todo ese incremento de recadación e de presión fiscal, que si temos que recoñecer que existe porque existe. En relación co IBI, está redundando en inversións no Concello da Estrada. Simplemente, para poñer unha cifra, no último ejercicio, correspondente ao bipartito, os fondos propios que realmente eran os únicos que se pudieron disponer, porque o fondo que estaba presupuestado para préstamo 1.052.000 euros non se pudo executar polos valores negativos que arroxou o resultado do ejercicio 2010. Simplemente decir que cuadriplicaron de 256.000 euros a 1.000.000 de euros. Todo o que di a portavoz do Partido Socialista Obrero Español, 48 euros por habitante, posiblemente esta é a cifra de Galicia...PSOE? (sabes que me perdo nesto, pero nos números ando un pouquiño mellor), 48 euros seguramente é a cifra que aparece estos días no periódico que corresponde ao exercicio 2011. Pode ser que en este ano sea un pouco superior porque as inversións, como acabo de decir, son de un millón de euros en fondos propios, é dicir, datos...cartos que realmente temos. Non decir "oye, que teño presupuestado 1.052.000 euros/exercicio"; non decir: "teño 1.052.000 euros presupuestados, pero non podo botar man deles". Decir que temos esa capacidade de inversión é absolutamente falso, o que sí hai que contar é os cartos que realmente se inverten ao final do ejercicio e, comparando o 2012 cos anteriores 2011 e 2010, a diferencia é, penso que abrumadora.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, ¿algunha outra intervención? Pois entoncés unha vez debatido sobre esta cuestión, procedemos a votar a Conta Xeral do ano 2012. ¿Votos en contra?, ¿abstencións?. Do Bloque Nacionalista Galego e Partido Socialista abstencións. ¿Votos a favor? Partido Popular, queda aprobada a Conta Xeral 2012.

Finalmente, adóptase, polos votos a favor do Partido Popular e as abstencións do PsdeG-PSOE e BNG, os seguintes **ACORDOS:**

Visto o expediente da Conta Xeral 2012.

Visto o informe da Intervención municipal de data 10-05-13.

Visto o Ditame favorable da Comisión de Facenda e Especial de Contas de data 30 de maio de 2013.

Vista a publicación do preceptivo anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 110, do 10 de xuño de 2013.

Visto que, rematado o período legal de exposición pública, non se produciu ningún reparo ou observación ao respecto da dita Conta no prazo sinalado para tal efecto no anuncio de mención.

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda e Contas de data 14-08-13, relativa á aprobación da Conta Xeral do Orzamento, correspondente ao exercicio 2012.

Visto o Ditame da Comisión de Facenda e Especial de Contas, adoptado en sesión do 26 de agosto de 2013.

Visto o disposto no artigos 208 a 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Lexislativo 2/2004,

**ACORDAMOS:**

Aprobar a Conta Xeral do Orzamento correspondente ao exercicio 2013.

**3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE N° 2/2013 DE RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS.**

**Sr. Alcalde:** Punto número 3, aprobación, se procede, do expediente número 2/2013 de recoñecemento extraxudicial de créditos, ten a palabra a Concelleiro de Facenda Don Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco do PP:** Ben, neste expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos traemos catro facturas por un importe de 1.607,92 euros que corresponden ás cantidades que quedan pendientes de exercicios anteriores. Desta forma damos por pechado todas as deudas que ten este Concello con proveedores de servicios ou...ou materias.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias, ¿algunha intervención? Pois entoncés procedemos á votación do expediente número 2/2013 de recoñecemento extraxudicial de créditos. ¿Votos en contra. ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbase por unanimidade.

Finalmente, adóptase, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS:**

Visto o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos número 2/2013, en relación a unha serie de gastos realizados e non tramitados nas súas anualidades orzamentarias,

Visto o artigo 60.2 do R. Decreto 500/1990 de 20 de abril.

Visto o informe de Intervención de data 18 de abril de 2013.

Visto o Ditame adoptado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas na súa sesión do 26-08-13.

**ACORDAMOS:**

Aprobar o expediente número 2/2013 de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 1.607,92 euros a favor dos acredores e nas contías individualizadas relacionadas a continuación:

APLICACIÓN	EMPRESA	C.I.F.	DESCRIPCION	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	R.I
151.223.00	Jorge Ramos Figueiras	52.470323-D	Portes Urbanismo	51940	31/03/11	67,85	1251/2013
338.226.12	Comercial Rivas, S.C.	J-94011087	Subministro de Cal. Festa do Cabalo (San Martiño)	976	14/11/12	4,9	548/2013
450.0.213.00	Motos Calvelo, S.L.	B-36255347	Reparac. Tractor Vías Públicas	5517	09/11/12	130	2417/2013
920.0.222.00	Telefónica Móviles España, S.A.U.	A-78923125	Facturac. Dicembre/2012	TM01118520L4119400	05/12/12	1405,17	153/2013
<b>TOTAL</b>						<b>1,607,92</b>	

**4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA REVOCACIÓN DA LIQUIDACIÓN N° 77/08 DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIONES E OBRAS.**

**Sr. Alcalde:** Punto número cuarto, é a aprobación, se procede, da revogación da liquidación número 77/08 do Imposto sobre construcións, instalacións e obras. Ten a palabra o Concelleiro de Facenda Don Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco do PP:** Ben...neste expediente trátase a revocación dunha liquidación que se efectuou por parte do Concello en relación co Polígono Industrial de Toedo, no que era..... tendo como obxecto da liquidación a urbanización. Se nun informe, se tras o requerimento feito polo suxeto pasivo, se informa por parte de Intervención de que este feito non figura dentro dos establecidos para a liquidación do ICIO, polo cual presentada a reclamación en tempo, en forma e, habendo un quebrantamento absoluto da Lei, o único que procede é a revogación e devolución do importe percibido indebidamente.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben señor Blanco, ¿algunha intervención? Pois entónces procedemos á votación deste punto número cuarto da revogación da liquidación número 77/08 do Imposto sobre construcións, instalacións e obras. ¿Votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbase por unanimidade.

Finalmente, adóptase, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS:**

Visto o expediente iniciado mediante o decreto da Alcaldía nº 1000/2013, do 2 de agosto, relativo á revogación da liquidación nº 77/08 do Imposto sobre Construccións, Instalacións e Obras, iniciado a solicitude de D. Manuel Sangiao Otero, en representación da Xunta de Compensación do Polígono Industrial de Toedo.

Visto o informe de Intervención de data 14-08-2013 sobre o particular.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas celebrada o 26 de agosto de 2013

E de conformidade co disposto no artigo 219 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, e demais normativa aplicable,

**ACORDAMOS:**

**PRIMEIRO.-** Revógase, por infracción manifesta da Lei, a liquidación nº 77/08 do Imposto sobre obre Construccións, Instalacións e Obras, aprobada mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 7 de abril de 2008.

**SEGUNDO.-** Declárase, a favor da Xunta de Compensación do Polígono Industrial de Toedo (con CIF nº G36509131, e enderezo, a efectos de notificacións, na rúa Justo Martínez nº 10, 1ºE - A Estrada), o dereito a percibir a cantidad de 23.155,96 euros en concepto de devolución da liquidación revogada no parágrafo anterior.

**5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS ESTRUCTURAS RADIOELÉCTRICAS DE TELECOMUNICACIÓN DO CONCELLO DA ESTRADA.**

**Sr. Alcalde:** O punto número quinto é a aprobación se procede da ordenanza municipal para a instalación e funcionamento das estructuras radioeléctricas de telecomunicacións do concello da Estrada.

Fago eu unha pequena intervención. Bueno, como saben vostedes, nos últimos anos ven sendo motivo de preocupación por parte dalgúns sectores, algúns veciños e algunha zona concreta do casco urbano, da instalación de o que se denominan as antenas repetidoras de telefonía móvil. Saben que, ademais, houbo casos concretos de demandas veciñais ou de problemas de veciños na Avenida Benito Vigo e no entorno da Praza da Igrexa, situacións que provocan o malestar veciñal i a preocupación polos posibles efectos que poda ter a acumulación deste tipo de antenas na saúde pública dos nosos veciños.

Motivados por esa situación i, tendo en conta a sensibilidade social que existe en relación a este tema, pois este goberno tomou a decisión de pedirlle aos técnicos municipais que, á par da tramitación do Plan Xeral, se fixese unha Ordenanza específica para regular a instalación deste tipo de elementos i para...bueno...dentro do marco legal actual i tendo en conta as...as diferentes...os diferentes órganos de asesoramento entre eles a FEMP (Federación de Municipios i Provincias) e a través do SATI (que é un órgano de apoio ás entidades locais i que ten, a través da FEMP, ten un código de boas prácticas), e se sacaron informes i se sacaron tamén ordenanzas tipo para poder desarrollar esta normativa que como dixen antes é moi demandada por parte de determinados colectivos i veciños da Estrada. A partir de aí, foron os técnicos municipais os que desarrollaron esa Ordenanza. Se tramitou conforme ao regulamento pertinente e cos informes perceptivos, tanto dos técnicos municipais como do xurídico do departamento de urbanismo, se considerou tamén oportuno por parte dos técnicos a petición dun informe a unha persoa experta en telecomunicacións i en aspectos radioeléctricos, se pediu os informes e asesoramento á Deputación de Pontevedra i, unha vez que temos más ou menos esa información i toda a documentación e a proposta da Ordenanza, a traemos, a levamos a Comisión Informativa i a traemos ao Pleno para iniciar o seu procedemento administrativo: aprobación inicial, exposición pública e, no seu caso, si existen alegacións, resolución das alegacións i aprobación definitiva.

Esperemos que con esto... e a idea é, por parte deste goberno, se de cumplida resposta ás preocupacións e ás demandas de..dos veciños en esta materia. Entendemos tamén que dentro da Lei i do réxime legal existente e...pois e...se poida facer dunha forma suficientemente estrita para cumplir cas necesidades e as demandas en materia de saúde pública que nos piden os veciños i se poida facer tamén con certa tutela dos principios básicos á hora de poder acceder á sociedade da información por parte dos veciños tamén, i da importancia que este tipo de infraestruturas teñen non? para a sociedade da comunicación. Entonces é un equilibrio complexo que eu creo que bueno...esta Ordenanza que non é o...,desde logo, o primeiro Concello que a fai, pero si que a abstraemos dese código de boas prácticas i dese asesoramento da Federación Española de Municipios i Provincias. Creo que reúne esas condicións i, a partir de aí, será o propio Plan Xeral i a propia Ordenanza que regule este tipo de instalacións.. destos elementos, destas infraestruturas, e que darán cumplida resposta ao que se pide delas.

Non sei si hai algunha intervención en relación a este tema, ten a palabra a señora Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PSdeG.-PSOE.**- Ben...igual que expuxemos na Comisión á que se levou este tema, entendemos a preocupación social que existe ao respecto do tema, entendemos que causa preocupación i sabemos que é necesario regular as condicións urbanísticas i de protección ambiental e seguridade que atañen e afectan, neste caso ás antenas i ás radioeléctricas. Non obstante, como xa puxemos de manifesto, o que se nos presenta aquí é unha Ordenanza, como dicía o señor Alcalde na súa exposición, unha Ordenanza tipo que el mesmo dixo que estaba traballada polos técnicos municipais; sen embargo, os propios informes dos técnicos municipais deixan ver, i poñen enriba da mesa, a necesidade de coinalo co Plan Xeral, posto que non poden confirmar que vaia de acordo ao Plan Xeral, posto que non teñen copia nestos momentos.

Como dixemos, entendemos a necesidade de regular esta situación, tamén somos conscientes de que a documentación que se nos presenta agora mesmo pode falar de inseguridade xurídica posto que, como dicíamos, se descoñece se está en consonancia ou non con este Plan Xeral, e que, agora mesmo, non tíñamos copia no momento de debatir na Comisión i tampouco a temos a día de hoxe; i, ao mesmo tempo, non se estudiou, i débese de facer, como pode afectar neste caso a algo do que é promotor o Concello de A Estrada a través da súa fundación cultural, como é a Estrada Dixital. Tamén debemos de ter en conta que esta Ordenanza que se nos pon, insisto, que parte dunha Ordenanza tipo que pode ser punto de arranque interesante para traballar, pero que debe de irse un pouco máis alá e adaptalo á realidade estradense, porque fala de que se promoverá a compartición de infraestruturas pero, sen embargo, ao mesmo tempo, non deixa claro como vai a facer i como se pode facer impulsar este... promover dende o Concello. Ao mesmo tempo fala tamén de que as empresas deberán de presentar...as empresas operadores de telecomunicacións

deberán de presentar un plan pero, sen embargo, nos di que este plan non é vinculante, polo tanto que teñan que presentar un plan, que teñan que telen actualizado pero que non sexa vinculante dende logo non deixa de ser un sen sentido, por eso, insisto, repito por terceira vez, sabendo i compartindo a necesidade de regular esto no día de hoxe, o grupo socialista non pode apoiar esta Ordenanza porque consideramos que debe de ser traballada i debe de ser vista con todos os aspectos xurídicos para salvagardar posibles recursos a posterior.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, señor Magariños ten vostede a palabra.

**Sr. Magariños do BNG.-** Como ben dixo o señor Alcalde é unha Ordenanza tipo, un documento base para traballar nel pero que non pasa deso porque hai, como ben decía a portavoz do grupo socialista, os propios informes técnicos din a necesidade de comprobar que esta Ordenanza vai...está en concordancia co que di o Plan Xeral. Aquí atopamos, por exemplo, o informe do técnico xurídico de urbanismo onde dí da necesidade en varios informes, concretamente do 12-04-2010 e o 30-05-2012, fala da necesidade de realizar un mapa de determinadas zonas, neste caso de sensibilidade acústica que tamén enlaza con estas zonas de sensibilidade radioeléctrica, que non existe. Fala...na Ordenanza se fala, por exemplo, de que o Concello colaborará coas empresas de telefonía no que a elaboración do plan de...bueno...do plan de implantación, se fala criterios para a instalación de equipos, proclama sempre que sexa posible, esto de que sempre que sexa posible está ahí, i é aquí donde falamos de que esto é un elemento que parte, a partir de aquí hai que traballar. Temos exemplo de outras Ordenanzas, eu boteille...estuvieron buscando por internet, entonces, por exemplo, atopamos en sitios donde delimitan o radio de acción, 1000 metros en solo urbán, 2000 en solo rústico. Non permite a instalación en edificios singulares. Tal como está esta Ordenanza se podrían instalar antenas...se podrían instalar antenas en calquer edificio sempre e cando se tuvera en conta a disimulación do entorno pero esto é un criterio, si o deixamos ben regulado aquí non hai problema. Se delimitan, por exemplo, zonas de cautela, de emisións, se delimitan zonas ...áreas de instalación, por exemplo, unha que mirei a un radio de 100 metros de colexios, centros de saúde... non permitía a instalación. Fálase, por exemplo, de que dentro do apartado de Administración Local hai un plano do municipio indicando a localización existentes que poidan ser idóneas para a instalación das infraestruturas, equipamentos, instalacións eléctricas, de postos de auga...etc. Información sobre aqueles emprazamentos, que este é o punto máis importante, información sobre aqueles emprazamentos que por ter unha especial protección non sexan idóneos ou necesiten unha autorización especial ,non existen no plan, no PXOM non vemos esto...no. ¿Onde están aquellas zonas de especial protección onde non...non...non vamos...non vamos a admitir ningún tipo de antena?...non existe. Ou, como din os informes salvo erro ou falta de interpretación na normativa, pero que non existen. A normativa urbanística non protexe, non...non hai ningún punto onde diga que non se pode instalar unha antena nun edificio singular, nun edificio catalogado, en ningún punto.

Por eso, repito, esto é un elemento para traballar a partir de él, que está ben que se traia aquí, neste caso a Comisión eu...pensamos que non se debería traer ao Pleno e sí traballar a partir de esta Ordenanza, porque tardáramos un mes máis en completar aquelas cousas que vemos escasas para que despois, cando salira a exposición pública, os veciños viran que realmente é un documento que se traballou por parte do Concello, que non foi o documento que ten a FEGAMP tal cual está e se puxo, se non que, a partir del, se traballou e se adaptou á realidade estradense, daríalle moita más tranquilidade aos veciños e veciñas porque creo que todos compartimos que é un tema sensible. A xente está preocupada, moitas veces sin...sin fundamentos científicos de si sí ou si non, pero bueno...pero temos que dar as garantías suficientes de que é un documento traballado e de que se traballa para garantizar a seguridade dos veciños e veciñas da Estrada. Por eso reitero ou reiteraremos o que falamos na Comisión, démonos un mes máis de prazo para traballar, completar un pouquiño mellor esta Ordenanza e traiámola despois ao Pleno e, a partir de aí, é cando podemos falar de aprobar ou non unha Ordenanza completa e non un documento base.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, pois dito queda que creo que este... unha, non é un tema novo a nivel nacional, de feito como xa dixen antes, a propria FEMP non a FEGAMP, a propria

FEMP, a Federación Española de Municipios e Provincias, creou un órgano específico de asesoramento, sobre todo aos Concellos e ás administracións en materia de instalación de emisións...de antenas de emisións radioeléctricas, creou un órgano específico no cal. Pois eu puden ter unha conversa nas últimas semanas co responsable na FEMP desta materia i donde...bueno...pois hai máis de 1.100 administracións ou administracións públicas que xa se adheriron ou xa formalizaron o...a Ordenanza base que a FEMP...que a Federación Española puxo a disposición dos Concellos no ano 2006. Esto non é un tema que inventemos na Estrada, i é un tema que está encima da mesa, é un tema no que os veciños, e creo que a mi personalmente i a moitos ou a case todos os que estamos representados aquí ,nos pediron que actuásemos, que non estivésemos pasivos ante este problema i eu creo que se estuvo excesivamente pasivo. Tiñamos unha ventaxa, tiñamos unha ventaxa que ahora xa non a temos, por sorte, i é que o propio Plan Xeral limitaba en moitos casos a instalación de esas antenas, por a situación de fóra da ordenación. Esa situación cambia radicalmente a partir de mañán ca publicación no Boletín Oficial da Provincia do Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Estrada, i polo tanto desregula esa situación a nivel urbanístico.

Eu non coincido en absoluto co que di o señor Magariños porque a ordenanza non vai solo alá no ámbito urbanístico que sí está regulado no Plan Xeral, a actuación vai tamén na acumulación de determinados elementos...destos elementos en determinadas zonas, vai na sensibilidade social que poida existir i vai na repercusión que poida ter a nivel de saúde pública, vai en moitos ámbitos i esta ordenanza o que fai é acotar os problemas, acotar a situación real da instalación destos elementos que producen ,é certo, unha sensibilidade especial na nosa cidadanía i que o concello ten que actuar, i actúa poñendo encima da mesa unha ordenanza feita,pactada i consensuada pola FEMP que é o órgano que representa ós concellos en toda España, polo tanto eu me sinto representado pola FEMP. É unha ordenanza traballada polos técnicos neses catro ámbitos, no ámbito sanitario, no ámbito urbanístico, no ámbito estético tamén i no ámbito patrimonial i de repercusión nas propias edificacións i me parece que...bueno...é unha ordenanza que xa digo asumiron máis de 1.100 administracións públicas en España, creo que eso é un dato que o avala. ¿Que hai tempo para poder axustar algún aspecto? Este é o trámite administrativo, a nós correspónenos tomar a decisión de poñer solución a este problema, i o meu compromiso cos veciños que, así mo trasladaron en dúas actuacións que se solicitaron no seu momento, como xa dixen antes, na Avenida Benito Vigo i no entorno a praza da Igrexa, nos pediron que movéramos ficha, que actuásemos, i a actuación é poñer esta Ordenanza, que hoxe é a aprobación inicial, que temos un mes todos para traballar en ela, para facer aportacións, para facer melloras dentro do marco legal establecido i dentro das limitacións que nos marca ese marco legal i a partir de aí, no que sexa susceptible, podo garantizar que todas esas alegacións se levarán a unha Comisión como é perceptivo, se analizarán, se verán cos técnicos as súas viabilidades, se informará sobre si é factible ou non incorporalas na Ordenanza i se traerán co ánimo de mellorar, o máximo posible, i de, xa digo, de intentar conxeniar neste caso dous aspectos importantes, un é o acceso á sociedade de información i as novas tecnoloxías cas estruturas i as infraestruturas necesarias para que poida ser así, i, por outro lado, a tranquilidade i a saúde pública dos nosos veciños, i entonces ese equilibrio o temos que garantir.

Na parte urbanística non é certo que non existan limitacións no Plan Xeral, vostede ao mellor non tuvo oportunidade de ver as ordenanzas e a normativa do Plan Xeral, pero sí é certo que existen limitacións á instalación de determinadas infraestruturas en edificios catalogados, como non pode ser doutra maneira. Vostede entende que un edificio catalogado por patrimonio ou que teñen un especial valor arquitectónico, ten unha serie de condicións ou de condicionantes evidentemente que ten que cumplir, i unha delas é esta, eso non é certo que o propio Plan Xeral que é o que fixa as limitacións urbanísticas. ¿Que tiñamos ata agora? que a normativa urbanística que tiñamos en vigor nos permitía bloquear ou paralizar i de feito, pois unha das solicitudes se fixo na época do goberno anterior, paralizar determinados trámites porque urbanisticamente non era viable debido á situación de fóra de ordenación, esa situación cambia radicalmente; entonces debemos, na medida do posible, axilizar esta tramitación o máximo posible.

Eu digo, é unha Ordenanza traída...acaída i traída despois dese consenso i despois dese traballo profundo que se fixo na FEMP, é unha Ordenanza que, de momento, desde o ano 2006 garantizou a súa seguridade xurídica. Non ten sentido que veñan vostedes a decir que

unha Ordenanza que non teña seguridad xurídica, cando está avalada pola FEMP i está implantada en máis de 1.100 administracións. É unha Ordenanza que se pode modelar ou axustar , pero que foi redactada ou foi axustada polos propios técnicos municipais, informada i, ademais, por un experto en radiocomunicacións ou en telecomunicacións.

Bueno, creo que xa levamos un trámite avanzado, no que se leva traballando máis de tres meses nesta Ordenanza, eu non digo que non poida ser mellorada, seguramente como todo o que se fai, pero temos que ter un punto de arranque e o punto de arranque é esta Ordenanza, este argumento i sobre ela traballemos. Eu ofrezo a predisposición deste grupo de goberno durante un mes enteiro a traballar, a colaborar, a escoitar... xa non solo aos grupos políticos que, seguramente teremos algo que decir, senón tamén aos propios veciños que teñan cousas que aportar, ou técnicos independentes que nos poidan abrir algúun camiño i que nos permitan acotar este problema que hoxe en día é un problema social i que, polo tanto, desde este goberno, ca nosa responsabilidade, así o asumimos i o que se tiña que haber feito fai moito tempo pois se ten que facer agora i non se pode dilatar máis. Temos que, como dicía antes, a inminente entrada en vigor do Plan Xeral nos cambia as condicións urbanísticas i, polo tanto, debemos de ter unha regulación específica neste tema que nos permita acotar o problema e poder resolver situacions que se producirán de feito nos próximos meses, i polo tanto, avancemos en esa dirección. Colaboración total i absoluta, ánimo de intentar mellorar, no posible por suposto, e vamos a incorporar todo o que sexa posible incorporar para salvagardar os intereses de toda a sociedade estradense, pero vamos a marcar os plazos, i permítanme que este goberno marque os plazos, i hoxe procederemos ou someteremos a votación esta Ordenanza, iniciaremos o camiños si queren vostedes de traballar conxuntamente durante este mes para mellorala no posible.

Non sei si hai algunha outra intervención. Pois, na idea i na esperanza de que así sexa, i que todos traballemos i podamos mellorala si é posible, que seguro que sí, pois vamos a proceder a votar esta Ordenanza municipal para a instalación e funcionamento das estruturas radioeléctricas de telecomunicacións no Concello da Estrada. ¿Votos en contra? O Bloque Nacionalista Galego. ¿Abstencións? O Partido Socialista. ¿Votos a favor? Partido Popular, apróbase por mayoría.

Finalmente, adóptase, cos votos a favor do PP (11), as abstencións do PsdeG-PSOE (9) e o voto en contra do BNG (1)>, os seguintes **ACORDOS**:

Vista a necesidade de proceder a regular a instalación e funcionamento das estruturas radioeléctricas de Telecomunicacións do Concello da Estrada para minimizar o impacto urbanístico medioambiental sobre o territorio municipal.

Vista a Ordenanza municipal para a instalación e funcionamento das estruturas radioeléctricas de telecomunicacións do Concello da Estrada.

Visto o informe técnico de data 26-07-2013, redactado polo Arquitecto municipal D. Manuel Sanmartín Chao.

Visto o informe xurídico emitido con data 29-07-2013 polo T.A.X-Xefe do Servizo Xurídico do departamento municipal de Urbanismo.

Visto o informe técnico emitido o 19-08-2013 polo Enxeñeiro Industrial do Servizo de Infraestruturas da Deputación Provincial de Pontevedra.

Vista a proposta da Alcaldía de data 27-08-2013.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, celebrada o 30 de agosto de 2013.

Visto o artigo 49 da Lei 7/85 no relativo á aprobación das Ordenanzas.

Vista a competencia do Pleno da Corporación segundo o Preceptuado no artigo 22.2.d) da Lei 7/85.

**ACORDAMOS:**

**1º.-** A aprobación da ORDENANZA MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS ESTRUTURAS RADIOELÉCTRICAS DE TELECOMUNICACIÓN DO CONCELLO DA ESTRADA.

**2º.-** Publicar anuncio do correspondente Acordo no Taboleiro de Editos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal, a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas no prazo de 30 días.

**3º.-** Tralo preceptivo trámite de información pública e, de non presentarse reclamacións ou suxestións dentro de prazo, o Acordo, ata entón provisional, entenderase definitivamente adoptado, procedéndose a publicar o texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

**6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DESLINDE ADMINISTRATIVO DE BEN COMUNICAL (CAMIÑO) RADICADO ENTRE AS FINCAS 647 E 649 DA Z.C.P. DE SAN XURXO DE VEA (SOUTO).**

**Sr. Alcalde:** Punto número seis, aprobación se procede do deslinde administrativo do ben comunical camiño radicado entre as fincas 647 e 649 da zona de concentración parcialaria de San Xurxo de Vea.

Bueno, este tratouse na Comisión Inforativa i tuvemos oportunidade de analizalo, aquí i é unha...simplemente unha solicitude dun deslinde administrativo nunha parcela en San Xurxo de Vea.

¿Non sei si hai algunha intervención? Si lles parece i, en relación ao que pasou na Comisión, procedemos a votar os catro puntos que son: deslinde de ben communal en San Xurxo de Vea, deslinde de ben communal en Guimarei, deslinde de ben communal en Rivela i desafectación do camiño público en Sieiro (Cora). Si lles parece acumulamos as votacións, en función do que foi á comisión. ¿Votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbanse os puntos 5, 6, 7 e 8 por unanimidade. Perdón, os puntos 6, 7, 8 e 9 por unanimidade.

Finalmente, adóptase, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS:**

Visto o expediente instruído polo Departamento do Rural, relativo á necesidade de artellar unha eventual acción de deslinde administrativo previa a outra posterior acción de recuperación posesoria de oficio de ben demanial municipal (camiño) radicado entre as fincas números 647 e 649 da ZCP de San Xurxo de Vea (O Souto), no que figura, entre outros documentos, o informe/memoria emitido en data 30.04.13 polo Enxeñeiro T. Agrícola Municipal (Sr. Brea Villaverde) que xustifica a súa necesidade, dado que puidera estar debidamente inválido por determinados peches e desmonte, e, do que a súa desocupación sería precisa para garantir a disponibilidade dos terreos para o seu uso público, previa a práctica dun deslinde administrativo.

Visto o informe xurídico emitido en data 06.05.13 polo T.A.X.- Xefe do Servizo Xurídico de Urbanismo.

Visto que, conseguintemente, ese traballo técnico avala o exercicio por parte do Concello das accións de defensa e protección do ben municipal aparente e indebidamente inválido/ocupado por particulares (salvo erro ou omisión, non consta previa licenza urbanística nin concesión/autorización demanial que ampare/n este/s feito/s).

Visto que, do art. 132.3.c. dimana a obriga que ten a Administración Pública de protexer e defender o seu patrimonio, exercendo as potestades administrativas mailas accións xurídicas que sexan procedentes (art. 28 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, e concordantes do RBCCLL), tanto se se trata dos seus bens demaniais

como patrimoniais: tendo isto por obxecto, non só a protección stricto sensu da titularidade pública de forma inmediata, senón garantir, tamén, as funcións públicas que presten eses bens e que dan sentido á súa existencia, para o que a Administración goza de determinadas prerrogativas: de investigación, de deslinde, de recuperación da posesión de oficio, ... .

Visto que, sen prexuízo da acción recuperadora da posesión, a Oficina Técnica Municipal considera necesaria a práctica dun deslinde administrativo previo.

Visto que, o deslinde constitúe unha potestade/prerrogativa administrativa de conservación e tutela dos bens públicos propios respecto dos particulares, cando os límites entre uns e outros resultasen imprecisos ou cando existiran indicios de usurpación, que se materializa (en aras de delimitar perimetralmente os contornos dos inmobles da súa titularidade respecto dos de terceiros), en residencia do apeo e amolloamento ao longo da liña divisoria, de sorte que, con este, se efectuara unha declaración administrativa dun estado posesorio, presumido *iuris tantum* e determinado por unha titularidade preexistente, aínda que, efectivamente, non sirva para reclamar a titularidade pública dun inmóvel. O deslinde é unha potestade administrativa de conservación e tutela dos bens públicos respecto dos particulares, cando os límites entre uns e outros resulten imprecisos ou cando existan indicios de usurpación.

Visto que, o deslinde materialízase a través das operacións técnicas que resulten necesarias para comprobar e delimitar perimetralmente, no seu caso, as distintas titularidades: apeo e amolloamento.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Rural, celebrada o 30-08-2013.

Visto, o art. 280.1.b) e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia en relación cos art. 44.1.b) e 56 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, e concordantes da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

Visto que, compete ao Concello Pleno o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materiais de competencia plenaria (art. 22.2.j da Lei 7/1985, do 2 de abril; art. 50.17 R.O.F.).

#### **ACORDAMOS:**

**1º.-** A aprobación, de oficio, do exercicio contraditorio dunha acción de deslinde administrativo do ben demanial municipal (camiño) radicado entre as fincas números 647 e 649 da ZCP de San Xurxo de Vea (O Souto); en sede do inescusable deber de defensa municipal do seu patrimonio.

**2º.-** Consequentemente, iniciar o procedemento de deslinde co inmediato sometemento do expediente á Comisión Municipal Informativa competente *ratione materiae*, para exame, valoración, e proposta aprobatoria ao Concello Pleno do Informe/Memoria e inicio das operacións.

**3º.-** Publicar o anuncio do deslinde no BOP; Web municipal e taboleiro, fixando a data do inicio das operacións técnicas de apeo e amolloamento provisorio para o día 21.11.13, a partir das 10:00 horas, a realizar pola Oficina Técnica Municipal. No indicado anuncio especificarase que dende o día número 1 ao día número 40 a contares dende a publicación do anuncio no BOP, os colindantes e demás interesados lexítimos poderán presentar os documentos que

estimen oportunos na defensa dos seus dereitos e intereses (non se admitirán de presentarse extemporaneamente).

**4º.-** Notificar individual e nominalmente aos propietarios colindantes (Dna. María Teresa Loureiro Carballeda), para coñecemento e efectos.

**5º.-** Asumir con cargo ao Orzamento municipal os gastos do deslinde administrativo (450,00 € excluídos impostos).

**6º.-** Comunicar este Acordo de inicio do deslinde ao Rexistro da Propiedade do Distrito Hipotecario da Estrada (con enderezo na rúa Antón Losada Diéguez nº 23 - A Estrada) para que tome razón mediante a práctica de nota marxinal das inscricións dominicais, e para os demais efectos preceptivos.

**7º.-** Devolver o expediente, xunto con traslado e certificación deste Acordo, ao departamento municipal de Urbanismo, para continuar coa súa tramitación.

**7º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DESLINDE ADMINISTRATIVO DE BEN COMUNAL (CAMIÑO -68,00 M2-) RADICADO NAS FINCAS 143, 144 E 166 DA Z.C.P. DE GIMAREI (A COTA).**

Adóptanse, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS:**

Visto o expediente instruído polo Departamento do Rural, relativo á necesidade de artellar unha eventual acción de deslinde administrativo previa a outra posterior acción de recuperación posessoria de oficio de ben demanial municipal (camiño -68,00 m2-) radicado entre as fincas números 143, 144 e 166 da ZCP de Guimarei (A Costa), no que figura, entre outros documentos, o informe/memoria emitido en data 30.04.13 polo Enxeñeiro T. Agrícola Municipal (Sr. Brea Villaverde) que xustifica a súa necesidade, dado que puidera estar debidamente inválido por determinados peches, e, do que a súa desocupación sería precisa para garantir a disponibilidade dos terreos para o seu uso público, previa a práctica dun deslinde administrativo.

Visto o informe xurídico emitido en data 06.05.13 polo T.A.X.- Xefe do Servizo Xurídico de Urbanismo.

Visto que conseguintemente, ese traballo técnico avala o exercicio por parte do Concello das accións de defensa e protección do ben municipal aparente e indebidamente inválido/ocupado por particulares (salvo erro ou omisión, non consta previa licenza urbanística nin concesión/autorización demanial que ampare/n este/s feito/s).

Visto que, do art. 132.3.c. dimana a obriga que ten a Administración Pública de protexer e defender o seu patrimonio, exercendo as potestades administrativas mailas accións xurídicas que sexan procedentes (art. 28 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, e concordantes do RBCCLL), tanto se se trata dos seus bens demaniais como patrimoniais: tendo isto por obxecto, non só a protección stricto sensu da titularidade pública de forma inmediata, senón garantir, tamén, as funcións públicas que presten eses bens e que dan sentido á súa existencia, para o que a Administración goza de determinadas prerrogativas: de investigación, de deslinde, de recuperación da posesión de oficio, ... .

Visto que, sen prexuízo da acción recuperatoria da posesión, a Oficina Técnica Municipal considera necesaria a práctica dun deslinde administrativo previo.

Visto que, o deslinde constitúe unha potestade/prerrogativa administrativa de conservación e tutela dos bens públicos propios respecto dos particulares, cando os límites entre uns e outros

resultasen imprecisos ou cando existiran indicios de usurpación, que se materializa (en aras de delimitar perimetralmente os contornos dos inmobilés da súa titularidade respecto dos de terceiros), en residencia do apeo e amolloamento ao longo da liña divisoria, de sorte que, con este, se efectuará unha declaración administrativa dun estado posesorio, presumido iuris tantum e determinado por unha titularidade preexistente, aínda que, efectivamente, non sirva para reclamar a titularidade pública dun inmoble. O deslinde é unha potestade administrativa de conservación e tutela dos bens públicos respecto dos particulares, cando os límites entre uns e outros resulten imprecisos ou cando existan indicios de usurpación.

Visto que, o deslinde materialízase a través das operacións técnicas que resulten necesarias para comprobar e delimitar perimetralmente, no seu caso, as distintas titularidades: apeo e amolloamento.

Visto o Ditame da Comisión Informativa do Rural, adoptado en sesión do 30 de agosto de 2013.

Visto, o art. 280.1.b) e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia en relación cos art. 44.1.b) e 56 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, e concordantes da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

Visto que, compete ao Concello Pleno o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materiais de competencia plenaria (art. 22.2.j da Lei 7/1985, do 2 de abril; art. 50.17 R.O.F.).

#### **ACORDAMOS:**

**1º.-** A aprobación, de oficio, do exercicio contraditorio dunha acción de deslinde administrativo do ben demanial municipal (camiño -68,00 m2-) radicado entre as fincas números 143, 144 e 166 da ZCP de Guimarei (A Costa); en sede do inescusable deber de defensa municipal do seu patrimonio.

**2º.-** Conseguintemente, iniciar o procedemento de deslinde co inmediato sometemento do expediente á Comisión Municipal Informativa competente ratione materiae, para exame, valoración, e proposta aprobatoria ao Concello Pleno do Informe/Memoria e inicio das operacións.

**3º.-** Publicar o anuncio do deslinde no BOP; Web municipal e taboleiro, fixando a data do inicio das operacións técnicas de apeo e amolloamento provisorio para o día 07.11.13, a partir das 10:00 horas, a realizar pola Oficina Técnica Municipal. No indicado anuncio especificarase que dende o día número 1 ao día número 40 a contares dende a publicación do anuncio no BOP, os colindantes e demás interesados lexítimos poderán presentar os documentos que estimen oportunos na defensa dos seus dereitos e intereses (non se admitirán de presentarse extemporaneamente).

**4º.-** Notificar, para coñecemento e efectos, individual e nominalmente aos propietarios colindantes: Dna. Ana Amil Junquera, D. Albino Arcay Docampo, D. Manuel Montero Nodar, D. José Antonio Valle Tapia e Dna. Julia Ana Iglesias Requeijo.

**5º.-** Asumir con cargo ao Orzamento municipal os gastos do deslinde administrativo (400,00 € excluídos impostos).

**6º.-** Comunicar este Acordo de inicio do deslinde ao Rexistro da Propiedade do Distrito Hipotecario da Estrada (con enderezo na rúa

Antón Losada Diéguez nº 23 - A Estrada) para que tome razón mediante a práctica de nota marxinal das inscricións dominicais, e para os demais efectos preceptivos.

**7º.-** Devolver o expediente, xunto con traslado e certificación deste Acordo, ao departamento municipal de Urbanismo, para continuar coa súa tramitación.

**8º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DESLINDE ADMINISTRATIVO DE BEN COMUNAL (CAMIÑO) RADICADO Á ALTURA DA FINCA Nº 244 DA Z.C.P. DE RIBELA.**

Adóptanse, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS:**

Visto o expediente instruído polo Departamento do Rural, relativo á necesidade de artellar unha eventual acción de deslinde administrativo previa a outra posterior acción de recuperación posesoria de oficio de ben demanial municipal (camiño) radicado á altura da finca número 244 da ZCP de Ribela, no que figura, entre outros documentos, o informe/memoria emitido en data 30.04.13 polo Enxeñeiro T. Agrícola Municipal (Sr. Brea Villaverde) que xustifica a súa necesidade, dado que puidera estar debidamente inválido por determinados peches, e, do que a súa desocupación sería precisa para garantir a dispoñibilidade dos terreos para o seu uso público, previa a práctica dun deslinde administrativo.

Visto o informe xurídico emitido en data 06.05.13 polo T.A.X.-Xefe do Servizo Xurídico de Urbanismo.

Visto que conseguientemente, ese traballo técnico avala o exercicio por parte do Concello das accións de defensa e protección do ben municipal aparente e indebidamente inválido/ocupado por particulares (salvo erro ou omisión, non consta previa licenza urbanística nin concesión/autorización demanial que ampare/n este/s feito/s).

Visto que, do art. 132.3.c. dimana a obriga que ten a Administración Pública de protexer e defender o seu patrimonio, exercendo as potestades administrativas mailas accións xurídicas que sexan procedentes (art. 28 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, e concordantes do RBCCLL), tanto se se trata dos seus bens demaniais como patrimoniais: tendo isto por obxecto, non só a protección stricto sensu da titularidade pública de forma immediata, senón garantir, tamén, as funcións públicas que presten esos bens e que dan sentido á súa existencia, para o que a Administración goza de determinadas prerrogativas: de investigación, de deslinde, de recuperación da posesión de oficio, ....

Visto que, sen prexuízo da acción recuperatoria da posesión, a Oficina Técnica Municipal considera necesaria a práctica dun deslinde administrativo previo.

Visto que, o deslinde constitúe unha potestade/prerrogativa administrativa de conservación e tutela dos bens públicos propios respecto dos particulares, cando os límites entre uns e outros resultasen imprecisos ou cando existiran indicios de usurpación, que se materializa (en aras de delimitar perimetralmente os contornos dos inmobilés da súa titularidade respecto dos de terceiros), en residencia do apeo e amolloamento ao longo da liña divisoria, de sorte que, con este, se efectuará unha declaración administrativa dun estado posesorio, presumido iuris tantum e determinado por unha titularidade preexistente, áinda que, efectivamente, non sirva para reclamar a titularidade pública dun inmoble. O deslinde é unha potestade administrativa de conservación e tutela dos bens públicos respecto dos particulares, cando os límites entre uns e outros resulten imprecisos ou cando existan indicios de usurpación.

Visto que, o deslinde materialízase a través das operacións técnicas que resulten necesarias para comprobar e delimitar

perimetralmente, no seu caso, as distintas titularidades: apeo e amolloamento.

Visto o Ditame adoptado pola Comisión Informativa do Rural, en sesión do 30 de agosto de 2013.

Visto, o art. 280.1.b) e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia en relación cos art. 44.1.b) e 56 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, e concordantes da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

Visto que, compete ao Concello Pleno o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materiais de competencia plenaria (art. 22.2.j da Lei 7/1985, do 2 de abril; art. 50.17 R.O.F.).

**ACORDAMOS:**

**1º.-** A aprobación, de oficio, do exercicio contraditorio dunha acción de deslinde administrativo do ben demanial municipal (camiño) radicado á altura da finca número 244 da ZCP de Ribela; en sede do inescusable deber de defensa municipal do seu patrimonio.

**2º.-** Conseguintemente, iniciar o procedemento de deslinde co inmediato sometemento do expediente á Comisión Municipal Informativa competente ratione materiae, para exame, valoración, e proposta aprobatoria ao Concello Pleno do Informe/Memoria e inicio das operacións.

**3º.-** Publicar o anuncio do deslinde no BOP; Web municipal e taboleiro, fixando a data do inicio das operacións técnicas de apeo e amolloamento provisorio para o día 14.11.13, a partir das 10:00 horas, a realizar pola Oficina Técnica Municipal. No indicado anuncio especificarase que dende o día número 1 ao día número 40 a contares dende a publicación do anuncio no BOP, os colindantes e demás interesados lexítimos poderán presentar os documentos que estimen oportunos na defensa dos seus dereitos e intereses (non se admitirán de presentarse extemporaneamente).

**4º.-** Notificar individual e nominalmente aos propietarios colindantes (D. José Souto Borrajeros), para coñecemento e efectos.

**5º.-** Asumir con cargo ao Orzamento municipal os gastos do deslinde administrativo (450,00 € excluídos impostos).

**6º.-** Comunicar o acordo plenario de inicio do deslinde ao Rexistro da Propiedade do Distrito Hipotecario da Estrada (con enderezo na rúa Antón Losada Diéguez nº 23 - A Estrada) para que tome razón mediante a práctica de nota marxinal das inscricións dominicais, e para os demás efectos preceptivos.

**7º.-** Devolver o expediente, xunto con traslado e certificación deste Acordo, ao departamento municipal de Urbanismo, para continuar coa súa tramitación.

**9º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE DESAFECTACIÓN DE ANACO DE CAMIÑO PÚBLICO SITO NO LUGAR DE SIEIRO-CORA, SOLICITADO POR DNA. M<sup>a</sup> ELENA GARCÍA RODRÍGUEZ.**

Adóptanse, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS:**

Vista a solicitude de Dna. María Elena García Rodríguez de 10 de outubro de 2012. Dedúcese que piden desafectación e alleamento no seu favor de camiño público.

Acompañíase á dita solicitude informe Pericial redactado polo Enxeñeiro T. Agrícola D. Alberto Rodríguez Ameijeiras na mesma data.

Tamén se xunta Anexo a dito Informe, do mesmo autor e de data 12 de xuño de 2013 (RE 6629).

Vista a aportación de documentación (relativa a certificación rexistral de dominio e cargas das fincas nº 462-2 e 463 da Z.C.P. de Cora) en data 19 de decembro de 2012, RE 13886.

Visto os Informes do Enxeñeiro T. Agrícola Municipal D. Ramón Brea Villaverde de datas 14.11.12 e 16.07.13.

Visto o escrito da interesada de data 13.08.13, RE 9277, no que acepta o prezo no que valorou o terreo o Enxeñeiro Técnico Municipal no seu informe de 16.07.13 e expón que lle interesa a merca da totalidade do anaco.

Visto o Informe Xurídico do Técnico de Administración Xeral de data 29 de xullo de 2013.

Vista a proposta do Concelleiro de Medio Rural de data 13-08-2013.

Visto o Ditame da Comisión Informativa do Rural, celebrada o 30 de agosto de 2013.

#### **ACORDAMOS:**

**1º.-** Aprobar expediente para:

a) Desafectar a parcela que se describe a continuación, que non se atopa inscrita no Rexistral da Propiedade:

Tramo de camiño que discorre entre as leiras nº 462.2 que en catastro corresponde a numero 20.462 e 463 da Zona de Concentración Parcelaría de Cora, cunha superficie de 495 m<sup>2</sup>. Linda: Norte: coa leira 462-2- que en catastro corresponde a numero 20.462; Sur: coa leira 463; Leste: camiño e Oeste: con camiño

b) Declarar expresamente parcela sobrante a mencionada parcela.

c) A recepción formal da mencionada parcela como ben patrimonial ou de propria do Concello.

**2º.-** Publicar anuncio do presente Acordo no Taboleiro de Adictos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e na Páxina web municipal, a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas no prazo dun mes.

**3º.-** Tralo preceptivo trámite de información pública e, de non presentarse reclamacións ou suxestións dentro de prazo, o Acordo, ata entón provisional, entenderase definitivamente adoptado.

**4º.-** Devolver o expediente, xunto con traslado e certificación deste Acordo, ao departamento municipal de Urbanismo, para continuar coa súa tramitación.

#### **10º.- DETERMINACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS DO CONCELLO DA ESTRADA PARA O ANO 2014.**

**Sr. Alcalde:** Punto número dez, determinación dos festivos locais do Concello da Estrada para o ano 2014.

Nada, unha pequena introdución, como ben saben se fixeron os trámites oportunos para...recibimos comunicación da Consellería competente para ditaminarlos antes do 30 de setembro. Se reuniu, en primeiro lugar, o Consello Económico i Social, onde o

plantexamento foi a proposta dos festivos locais para o 26 e 27 de xuño, proposta que foi aceptada por unanimidade por todos os membros presentes do Consello Económico Social. Posteriormente, levouse proposta ou trasladouse a misma proposta á Mesa Local do Comercio co mesmo resultado de aprobación por parte da Mesa Local de Comercio. Someteuse a Comisión Informativa por parte dos grupos políticos tamén co mismo resultado, polo tanto, se trae aquí para proposta definitiva de festivos locais que sería para o xoves 26 de xuño e venres 27 de xuño do ano 2014.

¿Algunha intervención? Pois procedemos a votar. ¿Votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbase por unanimidade.

Finalmente, adóptase, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

Visto o escrito con entrada neste Concello o 22 de agosto de 2013 (R.E. 9552), da Xefa Territorial do Servizo de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar, solicitando do Concello proposta sobre as datas das festas locais 2014.

Atendendo aos costumes e usos propios desta vila no relativo ás súas festas más sinaladas.

Visto o pronunciamento feito polo Consello Económico Social na súa sesión do 27 de agosto de 2013, para que as festas locais sexan os días 26 e 27 de xuño.

Visto pronunciamento feito pola Mesa de Comercio Local na súa sesión do 28 de agosto de 2013, para que as festas locais sexan os días 26 e 27 de xuño.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 29-08-2013.

Visto o Ditame adoptado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión do 30 de agosto de 2013.

Vista a competencia do Pleno da Corporación para propor á Xunta de Galicia as dúas festas laborais de carácter local, segundo o artigo 46 do RD 2001/1983.

#### **ACORDAMOS:**

**1º.-** Determinar como festas locais do Concello da Estrada para o ano 2014, os días:

- 26 de xuño de 2014, festas patronais de San Paio.
- 27 de xuño de 2014, festas patronais de San Paio.

**2º.-** Dese traslado do Acordo adoptado polo Pleno da Corporación á Xefatura Territorial do Servizo de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar, con enderezo na rúa Concepción Arenal nº 8, 2º - 36201 Vigo.

#### **FÓRA DA ORDE DO DÍA**

**Sr.Alcalde:** Antes de pasar á parte de control da xestión non sei se hai algunha moción de urxencia por parte dos grupos políticos. Si, ten a palabra a señora Louzao.

#### **A) MOCIÓN DO PsdeG-PSOE RELATIVA Á PROMOCIÓN DUN PROGRAMA DE INTERCAMBIO DE LIBROS DE TEXTO ENTRE AS FAMILIAS DE ALUMNOS DE PRIMARIA E DE ESO.-**

**Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE:** Procedemos a facilitar copia para os grupos, copia para a secretaria e queremos presentar hoxe aquí, pois chegado este mes os pequenos i os máis grandiños voltan ao colextio, queremos presentar unha moción aquí en favor da reutilización de libros de texto i da distribución de material escolar.

Os orzamentos do goberno do Partido Popular en materia de educación descenderon i supuxeron, polo tanto, tamén un descenso nas condicións de escolarización, o que supuxo pois a redución de axudas para libros, de axudas de transporte, incluso as becas i demais. Moitos Concellos, no noso tamén, son as propias ANPAS e as propias asociacións de pais e nais as que están levando adiante medidas para facilitar que as familias con máis dificultades poidan comezar o curso escolar máis desafogados. Por eso, hoxe, queremos dentro deste Pleno municipal, instar a que nos comprometamos todos a impulsar e apoiar estas iniciativas que están a levar adiante as ANPAS de bancos de libros para que, dende a administración local, asumamos o compromiso de apoiar aos bancos de libros xa existentes, e ser garantes da súa continuidade, así como de impulsalos nos centros do noso Concello nos que todavía non existen. Entendendo, dende logo, que esta debe de ser unha iniciativa de carácter participativo, donde o concello colabore coas asociacións de nais e pais así como cos propios centros. Por iso traemos hoxe aquí esta moción por urxencia, posto que estamos no propio mes de setembro i eso é o que xustifica, neste caso, a que metamos por urxencia para poder facelo naqueles centros nos que todavía non se fai i darlle apoio ás ANPAS que están a executalos agora mesmo.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, pois en canto á urxencia non sei se hai algunha intervención, pois procedemos a votar. ¿Votos a favor da urxencia? Apróbase por unanimidade, pasamos ao debate do asunto.

**Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.-** Como dicía, a situación actual fai que no noso concello, donde existen varios centros educativos, as becas para libros que existen, o Concello ten unha iniciativa posta en marcha pero afecta ás idades máis temprás, de tres a cinco anos, así como o apoio ao comedor escolar. Pedimos ir un pouco máis alá, xa que bueno...pois parece que é imposible agora co Partido Popular no goberno manter a gratuidade dos libros de texto i, como existe redución de becas e as que existen son pobres e insuficientes, non chegan para poder afrontar neste caso os gastos, todos derivados do material escolar e da propia compra de libros. Pois pedimos ir un paso máis alá i, dende este Pleno municipal, instamos a que se impulse, como dicía, estas iniciativas que están levando adiante dende as ANPAS dos distintos colexios i que a Administración Local asuma, como comentaba fai un momento, un papel de apoio aos bancos de libros que están poñéndose en marcha por parte das ANPAS, e asumindo o seu papel como garante da continuidade dos mesmos e impulsándoos naqueles centros nos que non existen.

O Concello conta con posibilidades, con infraestruturas, conta con persoas que están traballando xa dende o banco de tempo neste tipo de iniciativas i, polo tanto, pode, desde logo, botar unha man i apoiar ás ANPAS. Por eso pedimos hoxe aquí, agardamos ter o consenso do resto das forzas políticas, que o Concello de A Estrada promova un programa co obxecto de facilitar o intercambio de libros entre as familias dos alumnos de etapas educativas de primaria, de terceiro a sexto (ambas incluídas), e de ESO de primeiro a cuarto, en todos os centros educativos do noso concello sostidos con fondos públicos ao mesmo tempo que este programa servirá tamén para concenciar aos alumnos...ao alumnado da importancia do coidado e do bo trato do material para que poida ser reutilizado. Así mesmo este programa, ao ser un programa entendido de xeito participativo no seu deseño e desenvolvemento xunto cos centros educativos e coas ANPAS, permitirá, como decíamos, que o Concello apoie a estas asociacións que están levando adiante esto e dándolle, evidentemente, o protagonismo que corresponde e, incluso, queremos ir un paso máis alá e abrir por parte do Concello coas ANPAS e cos centros un debate para valorar si este programa se pode estender ao resto de material escolar.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, moitas gracias. ¿Non sei se hai algunha intervención por parte do señor Magariños?

**Sr. Magariños do BNG.-** Simplemente mostrar o noso apoio á moción.

**Sr. Alcalde.-** Moitas gracias señor Magariños. Ten a palabra a Concelleira de educación dona Amalia Goldar.

**Sra. Amalia Goldar do PP.-** Gracias. Bueno, independentemente de que a moción... a idea...é unha moción interesante, decir que este goberno reduceu, quitou axudas a nivel escolar nos colexios públicos de A Estrada é mentira, tan sencillo como mentira, sí. Non reducimos as axudas, todo o contrario, aumentamos o transporte escolar universitario, que se volven a aumentar este ano, bueno xa veremos no presupuesto do 2014. As axudas as ANPAS é verdade que se reduciron nos materiales educativas, lúdicas e viaxes, pero aumentouse en todos os comedores escolares que levan as ANPAS, a todos se lle aumentou e se lle paga parte para que os pais non paguen a parte dos 86 euros que terían que pagar, máis ou menos, de media para que non paguen máis, porque hai que pagar monitores, servicio de catering, etc.

Tema do banco de libros, fai dous anos a ANPA do García Barros acercouse a este Concello con este proxecto, foi a primeira ANPA que se acercou con este proxecto e o Concello doulle 600 euros para a posta en marcha, a propia ANPA comprometeuse a ese apoio inicial porque logo a ANPA e os pais teñen que tamén ter autonomía e ir pouco a pouco organizando o banco de libros, tamén hai que recoñecer que os libros van cambiando. No García Barros funciona perfectamente, é verdad que agora hai outros centros educativos e ANPAS que están empezando, e sempre que viñeron ao Concello a buscar axuda se lle dou, é verdade que non está regulado como poden estar as axudas para libros, transporte, etc. ¿Podemos regularlos? Sí. A esta altura de curso realmente sería difícil, porque xa casi todas están empezadas, o curso empeza o mércores...perdón o mércores.. sí en educación primaria, o 17 si non estou mal informada en educación secundaria, polo tanto, os libros xa están casi todos comprados.

Os bancos dos libros das ANPAS , polo que eu teño falado con eles, é verdad que non estou dentro, non conozco concretamente o seu funcionamento, xa están praticamente todos dados, a finales de xuño xa se dan ás personas que bueno...que poidan dan os libros e logo a ANPA xa vai cos socios dela...cos socios dela...porque eso é outra cousa que habría que regular. O banco de libros dos colexios son para os socios da ANPA, non para todo o colectivo, entonces ao mellor sí é certo que o Concello pode achegar...si o banco...os libros son para socios da ANPA polo menos coas ANPAS que eu falo...polo menos coa ANPA que eu falo, se hai más información non a teño, pero coas ANPAS dos centros educativos co que eu falo, sí. Entónces, ¿Que é un programa interesante? Si. ¿A estas alturas do curso, por urxencia, un día antes de empezar o curso? non é viable; si podemos facer unhas comisións de educación e estudiar a posibilidade, pero a estas alturas do curso non, non ten sentido, pero si eu propoño que formamos as comisións e sea un proxecto que podamos poñer en marcha nos próximos cursos educativos, pero hai que falar cas ANPAS que xa están funcionando, e falar con eles e regular as cousas. E o Concello, as axudas que da para os libros da para o que serían antes...bueno...parvulitos, infantil...chámase así porque as outras as da a Xunta, as axudas...para ESO i para primaria e, polo tanto, non vamos duplicar as axudas para o libros, non ten sentido, se hai xa unhas axudas a nivel autonómico, nós o que temos que apoiar é aqueles cursos que non teñen axudas a nivel autonómico.

Polo tanto, a nosa proposta sería, efectivamente, podemos estudiar e poñer, a partir de ahora, intentar facer esto a cabo pero aqueles centros, xa che digo, praticamente todas as ANPAS xa teñen montado o seu banco de libros, praticamente todas, ¿con que?, coas aportacións dos pais que, unha vez que acaba o curso e non necesitan os libros, os dan para que outros rapaces o utilicen. E logo, hai que ter en conta que tamén os centros educativos non vaian a cambiar os libros. E sempre, xa che digo, aquí a ANPA primeira que veu a pedir axuda ó concello deulle unha axuda de 600 euros, para que a ANPA funcionara, sempre coa condición a propia ANPA dixo axudádenos a poñer en marcha e logo nos vamos funcionando. Que podemos intentar chegar a algo máis? Sí, podemos sentarnos coas ANPAS, cos centros, cos directores e os representantes políticos e intentar chegar a máis, eu estou de acordo pero, evidentemente, non pode ser de hoxe para mañá, o curso empeza a semana que ven. Propoñemos poder facelo un pouquín máis adiante, estou totalmente aberta a facelo pero con vistas ao curso que ven, esto agora mismo sería inviable. As axudas dos libros nosas xa está publicada e están reguladas, os presupostos xa están adaptados para este curso escolar; se podemos facelo...ou únicamente facelo para o ano que ven, ao mellor con unha partida obter un efecto retroactivo, como facemos coas axudas para o transporte

universitario que están quitando ahora en setembro e entran nos presupostos do ano pasado, pero habería tamén que falar con Intervención, non é chegar soltar que bonito é esto pero sin ter ningún sentido...ningunha base. Gracias.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, moitas gracias, ten a palabra a señora Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.-** Ben, dende logo pois...si a señora Concelleira se sentiu ofendida, non sabemos en qué, posto que está argumentándose contra ela i revatíndose ela misma de cousas que non se plantexaron. O que se plantexou aquí é facer un proxecto, un programa de acordo coas ANPAS i de acordo cos centros para poder apoiar ben, a esos que xa o están poñendo en marcha que xa o recoñecemos, existen centros, é máis, o primeiro centro que o puxo en marcha sin pedir nada foi o centro de Oca, xa alá polo 2005. Entónces, simplemente estamos falando de apoialo para poder melloralo, poder facilitar ás familias que accedan a ese programa, porque efectivamente as ANPAS o fan coas persoas que forman parte da ANPA, pero se o Concello colabora i deseña se pode mellorar eso para que sexa i chegue a todo o mundo a este programa. Polo tanto, o que queira escoitar que escoite, o que queira colaborar que colabore, o que nós poñemos enriba da mesa é que se faga este traballo; e non dixemos en ningún momento que este Concello recortara as becas, é máis, creo que citei expresamente as becas que este Concello (xa o goberno anterior) puxo en marcha para etapas máis...de infantil; o que se dixo foi que, i é certo e aí están os datos, que os gobernos do Partido Popular están levando adiante a educación en que teñen competencias en temas de educación i levan adiante as becas, se produciu unha baixada nos orzamentos i se produciron recortes en tipos de axudas, subidas nos comedores i demais. Polo tanto, o único que se estaba poñendo enriba da mesa era que esas ANPAS que xa o está levando que se lles apoie, porque o Concello da Estrada ten pois...afortunadamente, existen as convocatorias para banco de tempo donde se pode colaborar coas ANPAS para levar adiante estas iniciativas i que cheguen estos programas a todo o alumnado.

O único que se pedía era eso, colaboración, se a señora concelleira se sentiu ofendida non sabemos en qué, porque se está poñendo enriba da mesa eso, o resto, evidentemente, haberá que estudialo, cal é o xeito no que se pode colaborar, pero non solo por parte do Concello, se non de acordo coas ANPAS e de acordo cos propios centros que, como dicíamos, xa hai algúns que organizaban antes de que agora o asumiran as ANPAS. Simplemente era eso i o volvemos a deixar enriba da mesa. Con todo ánimo de buscar o consenso co que o facíamos inicialmente de promover un programa co obxecto de facilitar i apoiar ás ANPAS que xa o están levando adiante i naqueles centros impulsalo donde non se este a facer. Esa era a proposta que o grupo socialista traía hoxe aquí.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, pois creo que quedou suficientemente claro que este goberno non recorta en educación, ao contrario, facemos novos colexios, facemos novas infraestruturas, mantemos...mantemos os comedores i colaboramos coas ANPAS na posta en marcha dos comedores (creo que foron catro comedores escolares os que se puxeron en marcha xa con este goberno i un máis que se vai a poñer na semana que ven). Polo tanto, creo que este Concello está facendo un esforzo importante en materia educativa, cunha inversión de máis de 2.500.000 de euros nos centros públicos da Estrada, dos cales 2.000.000 foron para a ampliación do Perez Viondi i 600.000 euros para o resto dos centros educativos, para paliar as melloras i os déficits que viñan arrastrando desde fai moitos anos, incluso máis de catro seguramente, pero os catro últimos tamén. I estamos incrementando de forma notable ese apoio ao "Plan Madruga" i aos comedores escolares nos que estamos apoiando aos centros educativos públicos i aos pais para que poidan ter unhas mellores condicións i conciliar a vida familiar e laboral i, como non pode ser doutra forma, en esto non é que vayamos a facelo porque o diga o Partido Socialista, que seguiremos facendo porque xa o estamos facendo. Estamos apoiando ás ANPAS en todo o que humanamente posible, i axudando con feitos que creo que están aí para ver. Así que, creo que como coincidimos todos no mesmo, pois...votaremos esta moción,i para eso pido a votación dos grupos. ¿Votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Aprobamos por unanimidade esta moción.

Finalmente, adóptase, por unanimidade, os seguintes **Acordos**:

**1º.-** Promover un programa co obxectivo de facilitar o intercambio de libros de texto entre as familias de alumnos das etapas educativas de Primaria (de Terceiro e Sexto, ambas incluídas) e de ESO (Primeiro a Cuarto) en todos os centros educativos do municipio sostidos con fondos públicos; e, ao tempo, de concienciación dos/as alumnos/as da importancia do coidado e bo uso dos libros e material escolar para poder reutilizalos cando remate o curso.

**2º.-** Este programa será participativo no seu deseño e desenvolvemento, xunto cos centros educativos e as asociacións de nais e pais do municipio. A Administración Local, desempeñará un papel de apoio aos bancos de libros xa existentes, sendo garante da súa continuidade, así como de impulso activo dos mesmos nos centros do Concello onde non existen.

**3º.-** En coordinación coas ANPAS e os centros educativos do municipio, valorarase a extensión deste programa ao ámbito do material escolar.

**Sr. Alcalde:** ¿Algunha outra moción de urxencia? Pois se non hai ningunha pasamos á parte de control da xestión.

#### **B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

##### **11º.-DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE XULLO DE 2013, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS.**

**Sr. Alcalde:** O punto número once, dación de contas das resolucións de alcaldía dictadas entre o periodo 1 e 31 de xullo do 2013, ámbolos dous incluídos.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 31 de xullo de 2013 (ambos os dous incluídos), e que van dende a número 778 á número 991).

O Pleno da Corporación queda sabedor.

##### **12º.-ROGOS E PREGUNTAS.**

**Sr. Alcalde:** ¿Algún rogo, algunha pregunta? Pois ten a palabra a señora Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.-** Ben, vamos a facer unha pregunta, posto que, sendo conscientes de que mañán se vai a publicar pois no Boletín Oficial da Provincia o tema relativo ó Plan Xeral, tamén podíamos observar como na páxina web do Concello durante o mes de agosto existiron unhas semanas nas que o documento do Plan Xeral non podía ser consultado, unhas semanas nas que a páxina dicía que en breve se repoñería pero que estaba desconectado. Por iso, i sabendo i coñecendo que o Plan Xeral sempre é un tema que preocupa aos veciños i que sempre existen recursos i posibilidades, i preocupados, insisto, pola seguridade xurídica do propio documento i da propia exposición do mesmo, queremos saber si o grupo de goberno ten pensado ampliar o período no que se poidan facer os recursos contenciosos-administrativos ao mesmo, posto que ao existir imposibilidade de consultalo os veciños careceron de xa dous meses que teñen para poder presentar recursos. Queremos saber simplemente si o grupo de goberno ten pensado, ten contemplado ou, polo menos, falado coa Secretaría municipal, a posibilidade de ampliar o plazo no que se expoña

y estén ao corrente os veciños para que poidan facer unha... recurso, si o consideran preciso i necesario.

**Sr. Alcalde:** Hombre, señora Louzao, a verdade é que unha persoa tan preparada como vostede me sorprende que faga esta pregunta tan absurda ¿non? Sabe vostede que de momento este goberno non ten capacidade para lexislar, de momento, igual algún día nos dan esa capacidade. Pero a capacidade lexislativa de momento está no Parlamento de Galicia i no Congreso dos Deputados i eles son os que establecen os plazos para presentar os recursos contenciosos-administrativos i de reposición en calquier procedemento administrativo, sabe vostede, non llo vou a decir eu, i por moito acordo que tome o Concello de ampliar ese plazo como ben sabe non temos capacidade para poder facelo, así que creo que esa pregunta se responde por si soa i creo que, home, ao non ser que me sorprenda vostede cunha segunda pregunta, a verdade é que me deixa un pouco descolocado, porque entendo que vostede, que é unha Concelleira, debería de coñecer en profundidade esos aspectos. Sabe vostede que, en todo caso, o recurso é contra a Orden de aprobación da Xunta de Galicia. O Concello da Estrada, i creo que non me cansarei nunca de repetilo, non é o órgano que aproba o documento do Plan Xeral, a competencia é da Xunta de Galicia, Consellería de Medioambiente, Territorio e Infraestruturas, Secretaría Xeral de Urbanismo. Son os propios técnicos os que fan os informes xurídicos e o propio Conselleiro o que firma a Orde de aprobación i contra esa aprobación sabe que, ademais, dígollo eu, non cabe recurso...non cabe recurso contra esa Orden senón nos tribunais de xustiza exclusivamente, non cabe contra a resolución administrativa. Polo tanto, resposta creo que suficientemente dada, o plazo de presentación de recursos pois é de dous meses desde a aprobación que foi, se non recordo mal o día 13 de xuño, e plazo de dous meses para presentar recurso ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza i, de momento, nós no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia non mandamos, de momento é un órgano independiente, i nós creemos na separación de poderes, o administrativo, o lexislativo i creemos, ademais firmemente, en eso i, polo tanto, cumplimos a lei unha vez máis, que é o que nos toca.

**Sra. Belén Louzao do PSdeG.-PSOE:** Moi ben, entonces nos gustaría saber si o Concello é consciente que estaba vulnerando os dereitos dos veciños da Estrada i así como de todas aquellas persoas que se consideren afectadas polo Plan Xeral ao non ter á disposición dos veciños o documento para poder consultalo. Documento que, como dicíamos, na páxina web do Concello non estivo. Tendo en conta que o plazo para poder presentar recurso todavía non rematou entón, bueno, pois si o Concello é consciente i está conforme con como está dando a coñecer o documento, pois, desde logo, nos preocupa que continúe empecinado en aprobar un documento ocultando aos veciños, porque, en definitiva e como facíamos coa Ordenanza fai un momento, ten que estar de acordo co documento do Plan Xeral i nin siquiera estaba enriba da mesa, nin siquiera se podía consultar cando se facía o debate da Comisión.

**Sr. Alcalde.-** Señora Louzao, hoxe non está moi afortunada, vamos a ver, como llo explico. Si me pode decir vostede en que artigo da Lei ou en que procedemento administrativo obliga calquer trámite a ter publicado na páxina web do Concello o Plan Xeral de Ordenación Municipal lle podo contestar. Eso foi unha decisión do goberno voluntaria, de expoñelo ao público, como se decide non expoñelo a través de internet, é unha cuestión dunha decisión política que toma este goberno de dar participación e información á xente. Se me di vostede en que sitio pon que este goberno está obligado a telo colgado na páxina de internet, bueno pois entonces creo que acabaría de descubrir vostede algo que nadie sabe a nivel urbanístico en toda España. Agora, creo que está mal informada, nós poñemos a disposición un documento que está aprobado provisionalmente polo Concello, que foi aprobado definitivamente cunha serie de observacións por parte da Consellería, no momento en que nós temos o documento adaptado a esa Orde i, polo tanto, modificado nas condicións que marca a Consellería, o lóxico i o razonable (i vostede pois encántalle elucubrar i facer...poñer sombras en cousas que, desde logo, pois non teñen sentido o normal) é que si o documento vai a cambiar se quite o documento anterior para poñer o documento aprobado definitivamente, adaptado á Orde da Consellería do 3 de xuño i co texto refundido que vai

entrar en vigor a partir de mañán, eso é o razonable. Polo tanto, hoxe mesmo, o pasado xoves non fai semanas nin mes de agosto nin nada, a pasada semana se dou orden no momento en que tiñamos a comunicación de que se estaba dilixenciando i deron o visto bo ao documento do Plan Xeral por parte de Secretaría Xeral, se lle comunicou ós técnicos informáticos que procedesen a anular o enlace dun Plan que xa non estaba en vigor porque foi modificado por Orden da Consellería, i tan pronto tuvemos o formato dixital do novo documento adaptado a Orde da Consellería, e axustado ás súas directrices, se colgou hoxe cun novo sistema, cun novo formato creo que moito máis accesible ao cidadán, moito máis fácil i moito máis intuitivo, i donde pretendemos que todo o mundo teña posibilidade de acceder a el. A exposición ou que esté colgado en internet ou non, non lle da nin máis dereitos nin máis reclamacións, as posibilidades de presentar ningún tipo de reclamación, aínda que vostede parece que está interesada en que así sexa, i eu lle direi que pode seguir vostede alentando a aqueles que queiran presentar algún recurso ao Plan Xeral, porque eu tamén o direi, están no sei pleno derecho, pero tamén lle digo que este Plan Xeral foi tramitado con tódalas bendicións, con todas....por parte do órgano competente i foi validado en todos os seus extremos por parte da Consellería i da Xunta de Galicia, que é a competente na aprobación definitiva i polo tanto creo que a partir de hoxe, i a parte se dou algunha cuestión dalguna modificación puntual i algún engano ou algún error por parte dalgún veciño que veía a súa finca i sabe vostede que houbo algunha modificación puntual nalgún núcleo dalguna finca que tuvo que eliminarse de núcleo polas directrices establecidas pola Xunta na Orden de aprobación, i eso daba lugar a confusión i me parece que o razonable é, unha vez que xa temos a garantía i a seguridade da Consellería, que da por válido o documento, o texto refundido i o asume na súa totalidade como...como aprobado, pois o que temos que facer é cambiar o documento anterior i poñer o documento definitivo que é o que estará a partir de hoxe en ese modelo máis intuitivo, co bo traballo por parte dos informáticos do Concello da Estrada para tódolos veciños i para acceso á información, información complementaria que, en ningún caso, como sabe vostede, ten que ver en absoluto ca capacidade de presentar recursos ou non que teñan os veciños no seu lexítimo derecho de defender os seus intereses.

**Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.-** Ben, fala vostede de bendicións parece que ultimamente de eso sabe moito e incluso se atreve a impartirlas, non? entre a ciudadanía, pero bueno, a cuestión está en que dixo vostede ó principio, a decisión política quedou claro é que o grupo de governo decidiu non dar acceso aos cidadáns ao documento do Plan i polo tanto pois por eso non estivo i por eso se descoñece i a piqües de transcorrer o plazo para a defensa dos dereitos dos veciños pois o documento non estaba accesible.

Pero bueno tendo en conta o afán que ten vostede por dar discursos i por impartir bendicións, repito, ademais de por poñer palabras na boca das persoas que non dixerón, pois vamos a trasladarlle os recursos que sí...perdón, os rogos que si nos trasladan os veciños. Rogos que nos trasladan por exemplo dende o Rollo que nos piden que se interese o goberno municipal por poñerse en contacto co mantemento da carretera do vial autonómico, posto que a zona do Rollo é unha zona na que se concentran accidentes, é unha zona na que hai unha clara e manifesta perigosidade na vía i os veciños afectados ven, unha vez tras outra, como os accidentes lles causas prexuízos, por iso nos piden, nos rogan, que se lle traslade á Xunta que melloren a seguridade vial do tramo á altura do Rollo.

Nos trasladan tamén os veciños que se repoña o cristal que hai no tablón de anuncios xunto á igrexa da Estrada, posto que a parte que da á praza está o cristal totalmente estallado i que xa non se pode ver praticamente os avisos que se poñen dentro, incluso as esquelas.

Dende logo, outro rogo que facemos ao fio deste, é que na Estrada hai más cristalerías que unha.

I outro rogo que nos trasladaban agora fai un momentiño mentras estábamos aquí no pleno é que, i como me decía o Concelleiro de Medio Rural, o cartón se recolle na Estrada creo que os venres non?, ouu porta a porta?, pois nos trasladan agora que hai dous montóns de cartón na Praza da Igrexa i, os veciños que están alí na praza ,pois non saben a qué se corresponde eso. Rogamos que se teña en conta i que se mañán a policía pois esté pendiente para ver si realmente era para a súa recollida ou cal é a razón de que o cartón esté depositado a día de hoxe na Praza da Igrexa, moitas gracias.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben señora Louzao, moito se preocupa vostede polo entorno da Igrexa. Ten vostede unha preocupación importante, ademais é unha zona do ámbito donde eu resido i non se preocupe que entre a súa preocupación pola Igrexa da Estrada i o que eu...i o que eu...i o que eu poida facer teña por seguro que esos pequenos detalles, que son todos os detalles que ten vostede que aportar, se solucionarán na mellor maneira posible da forma máis áxil. De todas formas, decirlle que espero que lle gustase que a etapa da volta ciclista a España se chamase “Lalín- A Estrada”, que promocionásemos o noso pobo por toda España, que fixésemos unha etapa que acabase en Fisterra i que puidésemos disfrutar por segundo ano consecutivo do paso da volta a España, que é un acontecemento moi importante a nivel deportivo polo noso concello ¿non?, i eu creo, ademais, que é unha boa noticia i todo o que sexa pois dar publicidade i coñecer a Estrada, pois sempre é bo para os intereses de todos i eu como Alcalde pois me sinto moi orgulloso de que eso sexa así i de intentar facer todo por para que a Estrada pois esté presente en todo este tipo de acontecementos deportivos nos que eu creo firmemente na súa repercusión mediática i, polo tanto, aí estaremos intentando i seguindo traballando nestos temas, si vostede se queda ca anécdota ou ca broma pois reímonos todos, botamos aquí unhas risas i vostede siga en esa actitude que nós seguiremos traballando en beneficio do concello que é o que nos preocupa.

(ruído)

Perdón? O cartón...o cartón non se preocupe que tamén o imos recoller na plaza da Igrexa ademais, vostede non se precupe. Señor Magariños non sei se ten algunha cuestión? Moi ben, ten vostede a palabra.

**Sr. Magariños do BNG.-** Que o entorno da Igrexa é onde maior concentración de poder hai na Estrada entón hai que coidala...hai que coidala.

Bueno un rogo é que se repare o peche dos desprendementos que hai na rúa da Cultura. Van a empezar os colexios agora e o peche está completamente caido, é unha zona perigosa. O peche dos desprendementos que houbo, que pechaban o regato alí da...no medio...aqueloo..

A pregunta é como van as obras de reparación destos desprendementos, pero bueno, fai uns Plenos lle preguntara estaban en estudio, como vai?

**Sr. Alcalde.-** Esa é unha...unha...unha das herencias que recibimos tamén do goberno seu, do goberno bipartito, dasas envenenadas, como foi as aceras de codeseda, i a plaza de Oca i outras moitas que fomos capaces de ir resolvendo, i esa é outra...outra que teña por seguro que este goberno vai a deixar pechado todo o que vostedes deixaron incendiado. Vámolo a apagar e vámolo a acabar, i esa é unha das cousas que, evidentemente, despois de ter 7.000.000 de euros do “Plan E” e do Plan da Deputación, pudo haber estado arreglado sen ningún tipo de problemas, porque temos un orzamento i creo que son 40.000 euros ou 45.000 euros o que nos costa respirar esa...facer esa actuación . Chega nun momento complexo, non temos 7.000.000 de euros pero buscaremos os recursos para arreglarlo, i estamos xa, temos o proxecto feito i, posiblemente, no próximo proxecto de obras o incorporaremos para darrle solución definitiva.

**Sr. Magariños do BNG.-** A ver si a Deputación de paso que da para o campo de fútbol tamén pode dar para reparar esa obra.

Unha...un rogo é que se poñan os nomes correctos, xa foi un nome...un rogo que lle fixen fai un par de Plenos, os nomes correctos concretamente de Santo André de Vea, que sigue sin rectificar no vial...vial Portela-Souto de Vea. Aínda é unha vergonza que na terra do Secretario Xeral de Política Lingüística teñamos os nomes mal postos.

Despois unha pregunta: ¿cómo vai o tema da posta en marcha da administración dixital?

**Sr. Alcalde.-** Pois sabe vostede que actualmente retomamos agora os traballos de dixitalización do arquivo municipal, que é o primeiro paso. Estamos dentro do plan de...de....a e-administración, proxecto que está pilotando a Deputación de Pontevedra a través do proxecto depo.es, que é un proxecto de administración dixital i de administración

electrónica. O primeiro...o primeiro paso era a dixitalización de parte do arquivo municipal i o Concello da Estrada foi, creo recordar, o segundo, o terceiro concello donde se está efectuando a dixitalización. Debe de quedar un mes e medio de traballo, a partir de aí xa nos comunicou tamén a Deputación que somos...seguimos sendo o Concello piloto na posta en marcha dos programas dixitais para a e-administración, sobre todo algo que nos preocupa moito desde fai tempo que é o expediente electrónico, non?, que creo que melloraría substancialmente, xa non solo a axilidade na resolución dos expedientes administrativos, si non tamén a posibilidade de acercar o veciño á administración i de coñecer de primeira man como son i como están os seus trámites administrativos. É un dos temas que esperamos, porque xa se leva retrasando máis do que nos gustaría, que antes de final de ano o poidamos ter encamiñado, esa é a expectativa que temos e a ver si somos capaces de cumplir de acordo coa Deputación de Pontevedra.

**Sr. Magariños do BNG.-** E que non me estaba referindo a esa administración dixital, só me estou referindo a un proxecto piloto que se adxudicou en novembro de 2006, concretamente o 30 de novembro, que tiña un prazo de adxudicación de nove meses , e adxudicouse por 119.669,61 euros ,a adxudicatoria foi COREMAIN que se presentou coa empresa ANDAGO que presentou unha ferramenta que era o “smart city”de software libre, colaboraba tamén o Ministerio de Administracións Públicas, e nunca máis se supo dela. Dende logo nos caixóns do goberno, das áreas do goberno que tiña o BNG non apareceu por ningún lado este expediente. Si apareceron algunas obras sin facer e varias facturas pero bueno, este expediente non...non apareceu, entonces queremos saber que foi del, que foi desta adxudicación.

**Sr. Alcalde.-** Falando de facturas non sei se veu vostede a liquidación do 2011 con respecto o 2012. Máis de 1.200.000 euros en facturas pendientes nas liquidacións i no ano 2012 100.000 , eso sí que é pagar facturas o resto é xogar cas cifras. Eu o que lle digo é que...pois casi, casi lle tería que preguntar eu ó Bloque Nacionalista Galego e ao Partido Socialista que pasou. Si o proxecto se acabou no 2006 i vostedes gobernarono do 2007 ao 2011 e non saben nada dese proxecto. Casi, casi lle tería que preguntar eu e a pregunta facerlla ao Partido Socialista e ao BNG que fixeron vostedes catro anos con un proxecto rematado da administración electrónica que non se executou. Eu descoñezo ese proxecto, descoñezo a situación del i en todo caso preguntarei...preguntarei que foi o que pasou pero case mellor que pregunte vostede na súa casa porque seguramente lle podan dar máis información da que lle pudo dar eu.

**Sr. Magariños do BNG.-** Repíolle, aprobouse o 30 de novembro de 2006, prazo de execución 8 meses co cual era responsabilidade súa.

(ruído)

**Sr. Alcalde.-** Se as contas non me fallan novembro, decembro, xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio, xuño...estaban vostedes cando acabou o prazo de execución desa obra no goberno, tomaron posesión en xuño do 2007. Se vostedes non saben que foi o que pasou con ese proxecto investigarémolo.

**Sr. Magariños do BNG.-** Eu o que lle digo...

**(interrumple) Sr. Alcalde.-** investigarémolo...

**Sr. Magariños do BNG.-** nos caixóns...nos caixóns...nos caixóns non estaba.

**Sr. Alcalde.-** E acórdalle agora? Seis anos despois, non lle acordou catro anos antes onde estaba ese proxecto, hai que ser...hai que ser un pouco serio i a partir de aí pois non se preocupe que preguntaremos. Non é un tema que dependa directamente do Concello.

Entendo que esto é un tema que se levou dende a Estrada Dixital, porque o seu compañeiro na Fundación Cultural preguntou xa algunha vez por este tema, i o consultaremos si na propia Fundación se lle parece ou ben aquí nos plenos pois cando teña coñecemento lle contestarei.

¿Algunha outra cuestión? Pois dentro do Regulamento de Participación Cidadá hai o turno para participación dos veciños que queiran fazer algún rogo. ¿Algunha pregunta?. Non sei si hai algunha cuestión que se queira fazer. Pois se non hai ningún rogo, ningunha pregunta, damos por rematada esta sesión plenaria. Moitas gracias e boa noite.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas.

A Estrada, 5 de setembro de 2013  
A SECRETARIA EN FUNCIONES,



Asdo.: M<sup>a</sup> Jesusa Fernández Bascuas

